

Hoxe, de de , o Consello Escolar do reunímonos para declarar o noso centro como "Espazo Libre de Machismo".

Comprometémonos, desta maneira, a velar polos dereitos e as liberdades de homes e mulleres, nenas e nenos, que formamos parte desta comunidade educativa, facendo máis visíbel aínda o compromiso que dende hai tempo xa tiñamos en relación a este terríbel abuso .

Denunciaremos calquera situación, trato desigual ou vexatorio, que poida sufrir calquera nena ou muller pertencente a esta comunidade escolar. E ademais, trataremos de dar unha resposta conxunta para solucionar devandito trato discriminatorio.

Queremos contribuír a darlle fin ás situacións de acoso sexual no noso eido laboral e educativo; ao bloqueo que sofren as nosas compañeiras para poder acceder a postos de responsabilidade e dirección; aos atrancos para poder conciliar axeitadamente a vida laboral coa vida familiar; aos micromachismos que, por desgraza, están tan arraigados na nosa cultura e tamén loitar por eliminar, dende o noso eido educativo, os chamados estereotipos de xénero, tal e como o se recolle na Resolución do Parlamento europeo do 12 de marzo de 2013.

Nesta liña, denunciaremos de igual xeito todo trato vexatorio e discriminación que poida sufrir calquera neno ou home por causa de non cumprir o estereotipo que o patriarcado espera del.

Por todo iso e porque queremos traballar nun entorno onde se cumpra coa Declaración Universal de Dereitos Humanos, na cal se expón no seu artigo 2: que todas as persoas temos os mesmos dereitos e liberdades sen distinción algunha de sexo:

Declaramos oficialmente o noso centro de traballo como Espazo libre de machismo